



INFORMACIÓN PAI- CURSO 2024/2025

PRAZO MATRÍCULA: 1 AO 15 DE AGOSTO DO 2024

REQUISITOS PARA SER ADXUDICATARIO/A:

- QUE O NENO/A ESTEA NADO/A NO MOMENTO DA PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE
- A IDADE MÍNIMA DEBERÁ SER DE 3 MESES NA DATA DE INGRESO, E A IDADE MÁXIMA NON TER CUMPRIDO OS 3 ANOS A 31 DE DECEMBRO, NO ANO EN QUE SE PRODUCE A RESERVA DE PRAZA.

ADMISIÓN:

- a. Terán prioridade co obxecto de darlles a continuidade ás prazas adxudicadas no curso anterior, gozando de preferencia para a adxudicación, as solicitudes de prazas de nenos/as matriculados/as no curso anterior.
- b. No caso de que o número de solicitudes sexa superior o de prazas dispoñibles, terán preferencia as unidades familiares empadroadas no Concello de Agolada, incluído o neno/a.
- c. En segundo orde de preferencia atenderanse ás solicitudes dos fillos/as de persoas, que estando empadroados/as noutro concello, teñan os seus postos de traballo neste termo municipal, acreditándoo mediante certificado de empresa e contrato laboral.
- d. Aplicación do baremo

A DOCUMENTACIÓN QUE SE TEN QUE ADXUNTAR É A SEGUINTE:

1. FOTOCOPIA DO LIBRO DE FAMILIA
2. CERTIFICADO DE CONVIVENCIA DO/A SOLICITANTE
3. ACREDITACIÓN DE FAMILIA NUMEROSA (DE SER O CASO)
4. CERTIFICADO MÉDICO DO NENO/A ONDE SE RECOLLERÁ DE XEITO ESPECÍFICO AS ENFERMIDADES INFECTO CONTAXIOSAS.



5. CARTILLA DE VACUNACIÓN
6. COPIA DA TARXETA SANITARIA DA SEGURIDADE SOCIAL OU ANÁLOGA, EN VIGOR.
7. TRES FOTOGRAFÍAS TAMAÑO CARNÉ DO NENO/A
8. AUTORIZACIÓN POR ESCRITO ÁS PERSOAS QUE PODERÁN RECOLLER AO NENO/A (ACOMPAÑARÁN FOTOCOPIA DO DNI CON FOTOGRAFÍA CLARA)
9. PARA TRATAMENTOS MÉDICOS, XUNTO A UNHA AUTORIZACIÓN PARA A SÚA APLICACIÓN POLO PERSOAL DO CENTRO, ACOMPAÑARÁN COPIA COTEXADA DAS RECETAS MÉDICAS COAS ESPECIFICACIÓNS INDICADAS POLO FACULTATIVO PARA A ADMINISTRACIÓN DO MESMO (FRECUENCIA E DOSE)
10. INDICARASE DE XEITO ESPECÍFICO E POR ESCRITO AS ALERXIAS E OUTRAS PROBLEMÁTICAS QUE POIDERA PADECER O/A NENO/A, ALIMENTOS, MATERIAIS COMO CERAS, PINTURAS, ETC...
11. DECLARACIÓN DA RENDA DE AMBOS PROXENITORES